

**Expte.: 41104.220****ÓRGANO DE SELECCIÓN DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE OFICIAL DE INSTALACIÓNS, QUENDA LIBRE, DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE VIGO CORRESPONDENTE AOS ANOS 2017, 2018, 2019, 3ª FASE (bases xerais 07.07.2020, e convocatoria BOP 27.10.2022)
ANUNCIO DE RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS PRIMEIRO EXERCICIO DA OPOSICIÓN, TEÓRICO TIPO TEST**

O órgano de selección para a provisión en propiedade dunha praza de oficial de instalacións, enmarcada no grupo C subgrupo C2, sistema de selección oposición libre, en réxime laboral, en sesións do 16 e 17 de outubro de 2023, adoptou, entre outros, os seguintes acordos de resolución das reclamacións presentadas ao primeiro exercicio da oposición, teórico tipo test:

Solicitud doc. Num. 230321641, presentada con data 10.10.2023 por don Gonzalo Rodríguez Fernández, Alonso Regueiro, pedindo nova corrección da proba, rexistro de identificación 31941 en canto non se lle teñen considerado 4 respostas.

Acordo: Revisada a proba compróbase que efectivamente 4 respostas non se teñen computado, circunstancia que se debe a non seguir as instrucións dadas sobre a marca a realizar na casilla de respostas da plantilla da proba.

O órgano de selección corrixe de novo a proba.

-Solicitud doc. Núm. 230323424, presentada por don Manuel Dasilva Rivas, solicitando unha nova corrección en tanto considera que as respostas que se lle dan como correctas son 23, cando realmente ten contestado correctamente 24.

Acordo: Como consecuencia das alegacións presentadas corríxense de novo tódalas probas cunha nova plantilla de respostas

- Solicitudes docs. Núms. 230325166, 230325173, 230325195, presentadas por Brais Calles Alonso e Juan Miguel Iglesias Peixoto, presentadas fora do prazo fixado para formular alegacións.

Acordo: desestímense por extemporáneas. Non obstante significase que as preguntas impugnadas 4, 21, 27, 20, e 34 estúdanse polo órgano de selección en tanto teñen sido discutidas por outros participantes na proba.

-Solicitud doc. Núm. 230321658, presentada con data 10.10.2023 por don Brais Calles Alonso, que pide, dada a súa situación de incapacidade temporal por motivo de lesión de xeonllo, circunstancia que obriga ao uso de muletas, e para o caso de que a segunda proba sexa práctica, sexa sometido a unha segunda proba escrita-teórica. Achega informe médico.

Acordo: neste tempo o órgano de selección non coñece o contido da segunda proba. As bases específicas reguladoras da provisión deste posto, no seu apartado V determinan con claridade que o segundo exercicio será práctico, de carácter obrigatorio i eliminatorio, e consistirá en resolver un ou varios supostos prácticos ou realizar tarefas que propondá o órgano de selección, relacionadas coas materias obxecto do temario específico, e así se deberá desenvolver a proba, respetando o seu carácter de "práctica".

En todo caso como ben dí o solicitante, as probas deben ser realizadas en condicións de igualdade, polo que un deseño teórico da segunda proba expreso e singular para o solicitante



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/10/2023 11:32	Páxina 1 de 5
41104-220	CSV: A3A43H-37AFDF-D443D5-PCXYCP-PR8TRX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

non garantiría o desenvolvemento desta en condicións de igualdade entre tódolos aspirantes, principio universal non só do dereito público administrativo senón de todo o noso ordenamento xurídico.

Desestímase por este motivos a solicitude presentada.

- Reclamación á PREGUNTA 1 presentada por Víctor González Cortegoso: alega que como queira que non se especifica se a limpeza é dunha superficie ou dunha mancha de cemento, circunstancia determinante para a correcta resposta, toda vez que de se tratar unha “superficie”, a resposta correcta sería a “a” (só deterxente alcalino). Xunta páxina do Manual de Peón e persoal de oficios da Ed. MAD e pide xustificación documental da pregunta formulada.

Solicita a corrección ou anulación da pregunta 1

Acordo: de conformidade coa documentación aportada polo interesado, Manual de Peón e persoal de oficios da Ed. MAD, a limpeza de cemento precisa de dous técnicas, fregado con máquina e aplicar deterxente alcalino. A pregunta é clara en tanto pide “qué se debe utilizar para a limpeza do cemento”, e tódalas respostas van precedidas do adverbio “só”.

A pregunta está extraída do manual “Axudante de oficios peones especializados”, Editorial ADAMS, Madrid, ISBN:978-84-15393-96-2

O tribunal desestima a alegación.

- Reclamación á PREGUNTA 2 presentada por: Daniel Raposeiras Viéitez, e Jesús Fajardo Fariñas

Motivos sucintos: Alegan que esta pregunta pode ter dous respostas correctas en canto a oxidación, que se considera polo tribunal como correcta, é un proceso químico, xa que logo, as respostas poden ser tanto secado químico (b) como secado por oxidación (c).

Solicitan que se anule a pregunta.

Acordo: como quiera que a oxidación é un proceso químico, o órgano de selección acorda estimar a reclamación.

O tribunal estima a alegación

- Reclamación á PREGUNTA 3 presentada por: Víctor González Cortegoso e Isabel Comesaña Fernández:

Motivos sucintos: Alegan que a pregunta está mal formulada en canto as respostas recollidas como “modalidades de almacenamento” son en realidade “zonas de almacenamento”. As modalidades serían as que referencia o Manual de Peón e persoal de oficios da Ed. MAD: almaceamento ordenado, desordenado, e bloque i en granel. Achegan xustificación da alegación e pide xustificación documental da pregunta formulada

Solicitan a anulación da pregunta 3.

Acordo: a pregunta formulada refírese a “modalidades” de almacenamento, non a “zonas de almacenamento”. O almacenamento de entrada-saída é un tipo de almacenamento deseñado para a entrada e saída frecuente de obxectos e ferramentas de uso común. O almacenamento en depósito é un almacén destinado a gardar elementos temporalmente retirados da súa ubicación frecuente. O almacenamento de suministros destínase ao aprovisionamento e almacenamento de mercancías destinadas ao consumo, inclúe aos funxibles pero tamén a elementos non funxibles.

A pregunta está extraída do manual “Axudante de oficios peones especializados”, Editorial ADAMS, Madrid, ISBN:978-84-15393-96-2

Polo tanto, o órgano de selección acorda desestimar a reclamación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/10/2023 11:32	Páxina 2 de 5
41104-220	CSV: A3A43H-37AFDF-D443D5-PCXYCP-PR8TRX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Reclamación á PREGUNTA 4 presentada por: M^a Begoña Aguilar Carrascal, Ana Costas Vázquez; Tomás Alonso Vidal, Ricardo Sande Rodríguez, Víctor González Cortegoso, Jesús Fajardo Fariñas; Óscar Carnero Campos, Isabel Comesaña Fernández, Leonor Barrio Martínez, José M^a Rodríguez Lago, M^a Jesús Fouz Ares, Alonso Basteiro Álvarez, Óscar Ballesteros Vázquez e Daniel Balseiro Rodríguez

Motivos sucintos: Alegan que a broca "Irwin" existe, non existindo a broca "Darwin", xa que logo a resposta correcta sería a "b" . Achegan xustificación documental. González Cortegoso sinala que a broca "Irwin" non existe. Trataríase dunha marca de ferramentas chamada "Irwin Tools", e a Darwin tampouco

Solicitan nova corrección da proba/ anulación

Acordo: efectivamente consultado o manual Manual Personal de Oficios, CEP Edición 2009, Tema 4 accesorios de brocas, compróbase que se trata dun erro de plantilla. O citado manual define como broca Irwin una broca helicoidal, con punta cónica y espiral e identifica esta coa broca Irwin, que non Darwin, e utiliza o nome indistintamente de broca helicoidal ou Irwin. Se ben a broca Irwin responde a unha marca comercial, non é menos certo que tódolos manuais consultados e a práctica habitual utiliza o nome da broca Irwin como un tipo de broca

Polo tanto, o órgano de selección acorda estimar a reclamación en canto a resposta correcta é a "b" e non a "a".

-Reclamación á PREGUNTA 11 presentada por Alonso Basteiro Álvarez

Motivos sucintos: Alega que a pregunta está formulada de forma incorrecta toda vez que non se especifica o tamaño do pallet, de xeito que a carga máxima no almacenamento mediante paletizado variará en función do tamaño do pallet.

Solicita que se anule a pregunta

Acordo: o Tribunal estima a alegación ao considerar que a pesares de estar extraída do Manual de Peón e persoal de oficios de corporacións locais, Edición 2020, Editorial MAD, a pregunta estaría incompleta toda vez que non especifica o tamaño/tipo de pallet.

O órgano de selección anula a pregunta

- Reclamación á PREGUNTA 13 presentada por: Daniel Raposeira Viéitez; Begoña Aguilar Carrascal e Óscar Carnero Campos

Motivos sucintos: Alegan que para considerar correcta a resposta "b" (a 45 grados unha vez marcado o corte), debería especificarse na pregunta que o aserrado é manual ou qué aserrado se busca, posto que segundo tipo de aserrado e o resultado buscado, a técnica será distinta; polo tanto a pregunta é incompleta.

Solicitan que se anule a pregunta 13.

Acordo: a pregunta formulada responde ao temario específico da oposición, tema 1, **operacións básicas** de traballo de albañilería, electricidade, fontanería, carpintería e pintura.

O Manuel de persoal de Oficios da Editorial CEP, Madrid, 2009, ISBN: 978-84-0024-261-3, regula as técnicas **BÁSICAS** de carpintería, especificamente o "Aserrado", definido deste xeito: consiste en realizar cortes ou dividir coa serra. Sempre debe marcarse a liña de corte previamente...Unha vez traspasado o ancho da peza, o ángulo deberá ser de 45 grados e utilizarase todo o filo da folla.

Xa que logo, como entre as funcións dun oficial de instalacións está a de manexar toda a maquinaria e equipo usados no seu oficio ou especialidade, é evidente que o aserrado que no seu caso realizará un oficial de oficios, neste contexto, será un aserrado manual, e non se realizará coa serra paralela á madeira, nin en perpendicular, nin aplicando unha gran forza, senón coa técnica descrita no citado manual.

De querer referir a pregunta a un aserrado mecánico, función non básica e non atribuída a un



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/10/2023 11:32	Páxina 3 de 5
41104-220	CSV: A3A43H-37AFDF-D443D5-PCXYCP-PR8TRX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

oficial de instalacións, así se tería espedificado na proba

Polo tanto, o órgano de selección acorda desestimar a reclamación.

- Reclamación á PREGUNTA 20 presentada por: Ricardo Sande Rodríguez

Motivos sucintos: Alega que non está de acordo coa formulación da pregunta porque considera que un fluxor non é un grifo, resposta que o órgano de selección considera válida, e que o fluxor é un dispositivo de descarga de auga, sendo por tanto correcta esta resposta. As dúas respostas considera que son correctas

Acordo: o Código técnico da edificación, norma HS de Salubridade define os fluxores:

“Fluxor: elemento de descarga que dispón de cierre automático y que al ser accionado permite el paso de un gran caudal durante el tiempo que permanezca accionado.

Fluxor: llave, temporizada, de cierre automático que al ser abierta es capaz de proporcionar un caudal de agua abundante en un breve periodo de tiempo, empleada generalmente para sustituir el depósito de descarga en los inodoros y otros aparatos empleados en servicios de uso público”

Á vista da definición técnica, o órgano de selección entende que as respostas correctas serían a “b” e a “c”

Polo tanto, o órgano de selección acorda estimar a reclamación e anular a pregunta.

- Reclamación á PREGUNTA 21 presentada por: Tomás Alonso Vidal

Motivos sucintos: Alegan que a pregunta 21 ten varias respostas válidas, toda vez que o aplacado e o alicatado consisten en forrar muros de pedra.

Solicita que se anule a pregunta.

Acordo:

A pregunta pide con claridade cómo se chama a operación que consiste en forrar muros e tabiques tanto en paramentos exteriores como en interiores, con carácter xeral, isto é o término xenérico que abrangue a tódolos forrados, polo que non se poden admitir nin o aplacado nin o alicatado, posto que o revestimento sería sómentes de baldosa ou de axulexo, mentras que o revestimento en xeral, resposta “c” pode ser de calquera material.

O órgano de selección acorda desestimar a reclamación.

- Reclamación á PREGUNTA 27 presentadas por: Fajardo Fariñas, Jesús; Carnero Campos, Óscar e Basteiro Álvarez, Alonso

Motivos sucintos: Alegan que ningunha das respostas previstas son métodos de poda e que a tala é un concepto distinto á poda.

Solicitan que se anule a pregunta

Acordo: consultado el manual de Personal de Oficios, Ed. CEP, 2009, son métodos de poda, a poda estándar, que consiste en cortar parte da estrutura leñosa, estes cortes son independentes uns de outros; a poda esquilar, consiste igualmente en cortar parte da estrutura leñosa utilizando para elo tesoiras de xardín. Emprégase para obter árbores decorativas, e a **eliminación total**, consiste en cortar ao máximo algúns arbustos, como por exemplo os eucaliptos. A este tipo de poda coñéceselle con nome de tala.

Unha das acepcións da RAE de “talar”, a terceira, é podar

Polo tanto, o órgano de selección acorda desestimar a reclamación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/10/2023 11:32	Páxina 4 de 5
41104-220	CSV: A3A43H-37AFDF-D443D5-PCXYCP-PR8TRX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

-Reclamación á PREGUNTA 32 presentada por: José M^a Rodríguez Lago e Daniel Balseiro Rodríguez

Motivos sucintos: Alega que a resposta correcta é a “b” (o temple é unha pintura permeable) segundo definición do manual da editorial ADAMS, e xa que logo non a “c” (muy permeable).

Acordo: a pregunta está extraída do Manual que cita a o alegante, “Axudante de oficios peones especializados”, Editorial ADAMS, Madrid, ISBN:978-84-15393-96-2. O órgano de selección, examinado o manual, constata a presenza dunha contradición na parte de “tests” en relación coa parte teórica explicativa do mesmo, expresando esta con claridade que é unha pintura permeable.

Polo tanto, o órgano de selección acorda estimar a reclamación e proceder á corrección da plantilla de respostas, de xeito que a resposta correcta da pregunta 32 é a “b” e non a “c”

Reclamación á PREGUNTA 34 presentada por: Óscar Carnero Campos

Motivos sucintos: Alega que como queira que unha gamuza poder ser de plástico, fibras, lá, algodón, de tacto esponxoso, as respostas válidas poderían ser dúas: “a” e “c”.

Solicita que se anule a pregunta

Acordo: a pregunta responde ao tema 6 do temario específico da praza, “Maquinaria, utensilios, ferramentas e produtos químicos usados para a actividade de limpeza en instalacións municipais”

O dicionario RAE, na súa terceira acepción define a gamuza como “tejido o paño de **lana**, de tacto y aspecto semejantes a los de la piel de la gamuza”. En coincidencia coa RAE, o Manual de Operaciones Instalaciones de Deportivas, Ed. CEIP, 2008, ISBN 978-84-9902-004-4 no el Tema 2 da parte específica adicada a utensilios de limpeza, define a “gamuza” como un tecido ou pano de lá que se usa para quitar el pó ou para limpar superficies, adornos dunha casa, mobles, etc, rocíaselles cun produto específico, para conseguir mais brillo e mellor conservación das superficies a tratar.

Xa que logo o órgano de selección desestima a alegación

O que se fai público para os efectos da súa notificación ós aspirantes, informándolles que contra estes acordos do órgano de selección poderán interpoñer recurso de alzada ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio na web municipal (www.vigo.org).
Vigo, na data da sinatura dixital

A secretaria do órgano de selección.- Marta Riobó Ibáñez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/10/2023 11:32	Páxina 5 de 5
41104-220	CSV: A3A43H-37AFDF-D443D5-PCXYCP-PR8TRX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		